

NOTA DE PRENSA

Kiko Veneno, Teté Delgado, Lucía Echevarría e Manuel Manquiña, protagonistas da xornada do venres en Cans

Jorge Coira, Quique Otero, Fernando Cortizo, Pablo Iglesias e Mario Iglesias amosan as súas últimas longametraxes na sección “Fillos de Cans”

Xavier Villaverde recibirá mañá o premio de honra Pedigree'09

CANS (O PORRIÑO), 21 DE MAIO DE 2009.

A festa do audiovisual galego continúa o venres cunha das xornadas máis completas do VI Festival de Cans. Desde as 16:30 horas no Baixo de Moncho e desde as 21:30 no torreiro de Cans, o festival acolle proxeccións, entregas de premios e música, para rematar a noite coas actuacións de Teté Delgado y Los Ciclones e de Kiko Veneno.

O Baixo de Moncho concentrará a actividade durante a tarde. A sección ‘Fillos de Cans’ cita a partir das 18.30 aos creadores galegos que pasaron polo festival en edicións anteriores e que agora mostran as longametraxes nas que están a traballar. É a quenda da ficción, a animación e o documental coas obras “Crebinsky” de Quique Otero, “18 Comidas” de Jorge Coira, “O Apóstolo” de Fernando Cortizo, “Clangor” de Pablo Iglesias e “Relatos” de Mario Iglesias.

Pero a xornada arrinca xa ás catro e media coa proxección de curtametraxes de dous festivais asociados con Cans no proxecto internacional Anywhere Cinema. Será primeiro o turno do Shoot-Me Film Festival da Haia (Holanda) e logo do Festivalito (La Palma, Canarias), con representantes destes dous certames que nos falarán das súas características e presentarán as pezas seleccionadas.

O Baixo de Moncho será tamén o escenario para a mostra de dúas curtametraxes. Ás 19.30 h., Manuel Manquiña presenta ‘Sonata para un dueto’, que protagoniza xunto con Berta Ojea, baixo a dirección de Javier Ruiz. Ás 20.00 horas preséntase ‘A nena que tiña unha soa orella’, adaptación de Rubén Coca do relato da escritora Lucía Echevarría. Director e escritora estarán en Cans para falarnos da curtametraxe.

Desfile e noite de estrea no torreiro

Cans volta ás rúas ás 21.30 coa procesión dos chimpíns, que acompañados polo conxunto ‘Os Treboeiros de Miumenta’ chegarán do Baixo do Moncho ao torreiro de Cans. Alí desenvolverase a ‘Noite de estrea’, que comezará coa proxección dun Making off da edición de 2008 do festival.

A noite do festival gaña forza tendo como protagonista a parroquia de O Porriño. Cans será o ingrediente común para a programación da noite. Así proxectarase “Houston”, coa presenza do seu director, Jorge Saavedra e dos actores participantes: Xavier Deive, Xosé Barato e actores autóctonos do lugar. Esta peza é a primeira que resulta do proxecto “Cans 303”, no que se convidou a directores galegos a realizar curtametraxes en Cans.

De seguido presentarase a serie “Última Hora”- producida por Zopilote e CTV para TVG e dirixida por Alfonso Zarauza-. Esta nova serie gravará en Cans algunhas das súas primeiras secuencias. Tamén se presentará o documental “Querida Gina”- dirixido por Susana Sotelo- , baseado en feitos reais que aconteceron na parroquia.

Premios e música

Na noite do venres entregáranse os primeiros premios e recoñecementos desta edición do festival. Os gañadores do concurso de videoclip, que se desenvolve hoxe, recibirán os premios do xurado e do público. A actriz Camila Bossa e o veciño de Cans Silvino González, recollerán o Chimpíns de Prata que os distinguen pola súa colaboración na difusión e organización do festival.

Pouco despois o director Xavier Villaverde, un dos máis importantes realizadores do cinema galego, recibirá o premio Pedigree de honra da man do alcalde do Porriño, Raúl Francés. Villaverde é un dos grandes protagonistas do vídeo e o cine en Galiza desde a década dos oitenta, e este ano cúmprense vinte anos da realización de “Continental”, a súa primeira longametraxe.

O espectáculo audiovisual cede butaca á música ao vivo á media noite, coa subida ao escenario de Teté Delgado y Los Ciclones. O novo grupo rockabilly da actriz porriñesa fai en casa a súa estrea mundial. Dará paso á estrela da noite, Kiko Veneno. O cantante catalán ofrecerá cancións clásicas do seu repertorio ademais de presentar o seu novo disco.

A noite pecharase coa sesión DiscoChimpín, na que a partir das 2.00 horas DJ Lagartija, pinchará desde o alto dun chimpín.

PROGRAMA DO VENRES 22 DE MAIO NO FESTIVAL DE CANS

Baixo do Moncho (Cans)

16:30 h. Anywhere Cinema. Selección de curtas do **Shoot- Me Film Festival** de Holanda

17:30 h. Anywhere Cine. Selección de curtas do **Festivalito** de La Palma

18:30 h. Fillos de Cans (directores que pasaron noutras edicións polo festival mostran os proxectos nos que traballan na actualidade)

“Crebinsky” de Quique Otero

“18 comidas” Jorge Coira

“O Apóstolo” de Fernando Cortizo

“Clangor”, o documental de Pablo Iglesias

“Relatos” de Mario Iglesias

19:30 h. Estrea da curtametraxe “**Sonata para un dueto**”, dirixida por Javier Ruiz, con Manuel Manquiña e Berta Ojea. Coa presenza do director e actores.

20:00 h. Presentación Curta de Rubén Coca, “**A nena que tiña unha soa orella**”, coa presenza do director e da escritora Lucía Etxebarría.

20:30 h. Descanso

21:30 h. Arranca procesión de chimpíns ata o torreiro. Coa presenza implacable dos Treboeiros de Muimenta, a última xeración de treboeiros do Baixo Miño.

Torreiro (Cans)

22:00 h. Inicio da “**Noite de Estrea**” co Making Off Cans´08

22:30 h. Entrega Premios de videoclips (do xurado e do público)

22:45 h. Estrea Proxecto “Cans 303”. Proxección de “**Houston**” de Jorge Saavedra, Coa presenza do director e dos actores participantes Xavier Deive, Xosé Barato e os actores de Cans, Diana González e Raúl Rodríguez.

23:00 h. Presentación da Serie de TVG “**Última Hora**”, de Zopilote, e dirixida por Alfonso Zarauza,coa presenza dos actores protagonistas. As primeiras secuencias da serie serán gravadas en Cans.

23:15 h. Presentación de “**Querida Gina**”, dirixido por Susana Sotelo. Documental baseado en feitos reais acontecidos en Cans.

23:30 h. Entrega **Chimpíns de Prata** a Camila Bossa (actriz e gran difusora do festival) e a Silvino González Bacelo (carpinteiro das pantallas e condutor de chimpín).

Entrega **Premio Pedigree ó director Xavier Villaverde.**

00:00 h. Teté Delgado y Los Ciclones

Estrea mundial do novo grupo de Teté Delgado. Rockabilly feito con paixón.

01:00 h. Kiko Veneno

Un grande da música chega a Cans co seu novo disco e cos seus éxitos de toda a vida.

02:00 h. Sesión DiscoChimpín: DJ Lagartija, no torreiro de Cans.